



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2023/G010/000013

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
3 NOVEMBRO DE 2023

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dna. Sandra Insua Rial

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Fabián Canosa Pasantes

Dna. Encarnación Liñeiro Pouso

D. Sergio Caamaño Fernández

Dna. Begoña Tajés Méndez

D. Germán Camiño Mouzo

Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño

D. José Francisco Carril Ageitos

Dna. Paula Mouzo Mas

D. Juan Carlos Sambade Amado

Dna. Marta M^a Mouzo Pose

D. Xurxo M. Rodríguez Baña

Ausente:

D. Manuel Mejuto Rios

(xustifica ausencia)

Secretaria Acumulada:

Rocío Hermida Cancela

Interventora:

M^a Emilia García Maneiro

En Camariñas, sendo as 17:00 horas do día **tres de novembro de dous mil vinte tres** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria acumulada da Corporación, Rocío Hermida Cancela, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**.

A sesión se celebra, no Salón de Plenos segundo quedou establecido no Decreto da Alcaldía 888/2023, de data 29 de outubro, polo que se procedeu á convocatoria da sesión.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1º.- PROPOSTA DE ACORDO: CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “HERMANAS PATIÑO” POR “VICENTE CARRIL”.

Considerando o seguinte Ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

**1 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Votos en contra:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Abstencións:

**0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acordou a emisión do seguinte ditame:

PROPOSTA DE ACORDO
ASUNTO: CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL
“HERMANAS PATIÑO” POR “VICENTE CARRIL”.
EXPTE.: 2023/X999/000403

Considerando o certificado remitido a esta Administración pola Secretaria da Entidade Camariñas FC en data 18 de outubro de 2023 conforme o cal, literalmente indica:

“Que reunidos el 100% de los socios, en el local social del Camariñas FC el 16 de octubre de 2023, en asamblea ordinaria, deciden solicitar al Concello de Camariñas el cambio del nombre del Campo de Fútbol Municipal “Hermanas Patiño” por el de “Vicente Carril”, segun consta en el libro de actas de la entidad.

El campo tiene ese nombre porque el terreno fue donado por las Hermanas Patiño, pero segun consta en documento adjunto la donación del campo la hace el párroco de la localidad en el año 1984.

A todos los socios nos gustaría se viese reconocido la labor de nuestro presidente que lleva ocupando ese cargo 45 años y siempre velando porque las instalaciones estuviesen en buen estado. Llevando el nombre de Camariñas por todos los campos de fútbol de Galicia, incluso a Portugal; estando a punto de ascender a 3ª división en el año 1993.”

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, e dentro das competencias atribuídas a esta Corporación **PROPOÑO** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Estimar/aceptar a solicitude da Entidade Camariñas FC e en consecuencia proceder o cambio de denominación do Campo de Fútbol Municipal, pasando a denominarse: “CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL VICENTE CARRIL”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

SEGUNDO.- Proceder a publicación do presente acordo na Sede do Concello de Camariñas, no taboleiro de anuncios e no BOP para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a Entidade solicitante e D. Vicente Carril Lema.

Camariñas, na data da sinatura dixital
A presidencia,
Asdo: FABIAN CANOSA PASANTES”

Intervén a Sra alcaldesa e da a palabra o Sr Canosa: por casualidades da vida, o vispera do 92 cumpleaños do presidente do Camariñas CF, estamos reunidos no salón de plenos municipal de Camariñas para levar a cabo a votación para cambiar a denominación do campo de fútbol municipal que levará o nome do presidente actual e dos últimos 45 anos do Camariñas CF. Considerando o certificado remitido a esta Administración pola Secretaria da Entidade Camariñas FC en data 18 de outubro de 2023 conforme o cal, literalmente indica:

“Que reunidos el 100% de los socios, en el local social del Camariñas FC el 16 de octubre de 2023, en asamblea ordinaria, deciden solicitar al Concello de Camariñas el cambio del nombre del Campo de Fútbol Municipal “Hermanas Patiño” por el de “Vicente Carril”, según consta en el libro de actas de la entidad.

El campo tiene ese nombre porque el terreno fue donado por las Hermanas Patiño, pero segun consta en documento adjunto la donación del campo la hace el párroco de la localidad en el año 1984.

A todos los socios nos gustaría que se viese reconocido la labor de nuestro presidente que lleva ocupando ese cargo 45 años y siempre velando porque las instalaciones estuviesen en buen estado. Llevando el nombre de Camariñas por todos los campos de fútbol de Galicia, incluso a Portugal; estando a punto de ascender a 3a división en el año 1993.”

Despois de ler o escrito recibido pola directiva do Camariñas CF, onde indica claramente en 3 párrafos a grandeza dun presidente único no mundo do fútbol galego e nacional como é Vicente Carril. Que despois de ser galardonado pola Federación Galega de Fútbol no ano 2017 por toda unha vida como presidente e recoñecido como camariñán de honra no 2022 pola súa vila nas festas do Carmén (que tamén presidio) e pola traxectoria que todos e todas coñecemos, este grupo de goberno votará a favor da proposta de acordo a cal levará a chamar o campo de fútbol da nosa vila: Campo de Fútbol Municipal “Vicente Carril”. Para min, como concelleiro de deportes e para o equipo de goberno que pertenzo é unha enorme honra poder outorgar esta nova denominación ao campo de fútbol municipal. Campo que non sería o que é hoxe, si as Irmáns Patiño non lle cederan os terreos á igrexa, e esta non fixera o mesmo pasándollo ao club de fútbol local. Polo tanto o noso maior recoñecemento ás irmans que levaron ata hoxe o nome do campo de fútbol municipal da Galera. Vicente, é historia do deporte e especialmente do fútbol camariñán. O seu sacrificio, ilusión e amor polo Camariñas dinos a todos os camariñáns de onde vimos, donde estamos e cara onde imos. Pasado e Presente que xa coñecemos e aprendemos, e un Futuro prometedor con varios dos seus pupilos pilotando unha privilexiada Escola de Fútbol chamada Juan Cabrejo. Que seguirá educando, adestrando, xogando cada fin de semana e escribindo a historia do deporte e do fútbol camariñán xunto co equipo Sénior do Camariñas CF, que a partir de agora seguirán levando o sentimento camariñán xunto cos seus aficionados no Campo de Fútbol Municipal Vicente Carril. Moi merecido, Noraboa e gracias por todo Don Vicente Carril.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Intervén a Sra Mouzo e di que dende o PP apoian a proposta e aproveitar para agradecer a Vicente Carril por 45 anos de traballo a favor do deporte en Camariñas, Gracias Vicente, o protagonista é Vde e o acordo que se adopta, non o discurso político.

Sr Rodríguez di que como xa lle pediu a Sra alcaldesa recordamos tamém a figura das irmáns Patiño e que toda a xente que se vincula o deporte merece un respecto coas diferencias que teña cada un.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

| |
|--|
| Votos a favor: 12 (8 grupo municipal socialista, 3 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG) |
| Votos en contra: 0 |
| Abstencións: 0 |

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión de Asuntos Xerais.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 17:10 horas do día da data do que como Secretaria acumulada dou fe e certifico.

A SECRETARIA ACUMULADA
Asd. Rocío Hermida Cancela.